

BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998): *Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник* (“Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas”). Universidade Estatal de San Petersburgo - Folio-Press, San Petersburgo, 704 páxs.

O *Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник* (“Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas”) é unha recompilación de 2.000 fraseoloxismos rusos, para cada un dos cales se ofrecen datos da súa etimoloxía e historia acompañados por unhas exhaustivas referencias bibliográficas, ademais do significado fraseolóxico e, no seu caso, da nota estilística.

Segundo a definición proposta polos autores, este dicionario é unha “mestura de índice bibliográfico e dicionario” (5).

A maioría das unidades descritas son fraseoloxismos en sentido estrito, tanto autóctonos como internacionais, que presentan unha relativa estabilidade, reproducibilidade, significado íntegro e expresividade. Con todo, tamén se inclúen algúns proverbios, termos compostos estables, perífrases e palabras que serviron de base para a creación de unidades fraseolóxicas ou que sufriron algún proceso de fraseoloxización. Esta aproximación ampla ó concepto de fraseoloxismo xustifícase polo carácter diacrónico do libro, que se basea en referencias de fontes que datan dos últimos douscentos anos, tendo en conta o feito de que son precisamente as zonas limítrofes as que constitúen o fondo de reserva para a creación de novos fraseoloxismos (8).

Para cada fraseoloxismo cítanse tódalas fontes nas que aparece dentro da totalidade das fontes investigadas: 1.000 títulos, entre os que se encontran obras científicas e de divulgación. Trátase só de fontes bibliográficas rusas, as estranxeiras aínda non foron tratadas. A pesar disto, os autores fan unha advertencia en relación co distinto grao de fiabilidade e seriedade das publicacións que son froito da investigación científica, por unha parte, e das que son froito de reflexións sen fundamento nin métodos sólidos, notándose nas últimas demasiada afección cara ós feitos etnográficos e a tendencia a relacionar unha ou outra expresión cun acontecemento ou personaxe histórica concretos (7).

En xeral, o obxectivo fundamental desta obra é “recoller practicamente tódalas versións dos últimos 200 anos” (12).

É evidente que detrás das acepcións resultantes está o traballo de agrupar diferentes interpretacións etimolóxicas: tanto unindo as opinións coincidentes para elaborar unha descrición xeral e unificada da versión etimolóxica correspondente, como separando e clasificando as opinións discordantes. Neste último caso apórtanse todas elas nunha orde determinada.

Cómpre sinalar que neste dicionario non se pretende facer ningunha análise crítica desas hipóteses, xa que esta tarefa, como se anuncia no prólogo, se deixa para o futuro *Gran dicionario etimolóxico da fraseoloxía rusa*, que sería a seguinte etapa e a meta final do traballo investido polos autores neste proxecto e que requirirá unha ampla análise de paralelismos dialectais rusos e eslavos.

Non obstante, a orde de presentación das distintas versións etimolóxicas si reflicte a valoración relativa destas: normalmente, achégase como primeira a hipótese máis probable e aceptada polos especialistas; con todo, tamén pode achegarse como primeira a versión cronoloxicamente precedente (aínda que non sexa a máis verosímil), sempre que esta se corrixa, se complementa, se modifique ou se desminta nas investigacións posteriores (12-13).

Por exemplo, para o fraseoloxismo da lingua literaria *нести ахинею* /nes'ti axineiu/, que literalmente significa ‘levar absurdo’ e que ten o significado fraseolóxico de ‘dicir cousas que carecen totalmente de sentido’ (34-35), a primeira versión que se aporta é a do século XIX, que foi canonizada polo académico Ia. K.Grot e que relaciona a palabra rusa *ахинея* /axineia/ ‘absurdo, galimatías’ co topónimo grego Αθηναί (Atenas), xustificando as alteracións fonéticas e explicando o significado actual a través de Αθηναίων (Ateneo), nome do antigo templo situado nesa cidade e dedicado á deusa da sabedoría Αθηνη (Atenea), no que os científicos e poetas lían as súas obras, que ó pobo lle resultaban complicadas e pouco comprensibles (de aí a palabra *ахинея* /axineia/, próxima á grega Αθηνη).

Á parte da versión anterior ofrécense tres máis, todas diferentes, sendo a última a que se presenta como máis fiable. Xa no século XX, V.V.Vinográfov leva a cabo unha crítica da explicación de Grot. Apunta que as correlacións fonéticas, morfolóxico-comparativas e semánticas non están suficientemente xustificadas e, a partir da análise dun amplo material dialectal do ruso, formula unha hipótese sobre a orixe da palabra *ахинея*, relacionándoa con varios substantivos, verbos e adverbios, ausentes na fala literaria pero presentes na dialectal, algúns deles co significado ‘absurdo’, ‘bagatelas’, ‘en van’.

Canto á orde de presentación dos propios fraseoloxismos, esta é alfabética por palabras chave, dándosele preferencia ó substantivo, seguido do adxectivo, adverbio, verbo, etc. As diferentes formas da palabra chave (se esta é declinable ou conxugable) ordénanse alfabeticamente (sen constituír nova acepción). Por outra parte, o libro non está dotado de índice alfabético xeral de fraseoloxismos que, nalgún caso, podería resultar de utilidade para o traballo de investigación. Con respecto ó índice temático, supónse que este non entraba nos obxectivos do dicionario.

O círculo de destinatarios deste dicionario bibliográfico é amplo: lingüistas, folcloristas, etnógrafos, escritores, profesores, estudantes e, en xeral, tódolos estudiosos e/ou amantes das imaxes da lingua rusa.

Evidentemente, este libro pode ter múltiples utilidades, entre elas, a de podermos responder á pregunta *¿dicímolo correctamente ou non?*, mencionada tamén por V. Mokienko na páxina 5.

Poderíamos considerar como exemplo o xiro *тише воды, ниже травы* [*вести себя*], cuxo significado literal é ‘máis silencioso (-amente) cá auga, máis baixo cá herba [comportarse]’ e que, segundo o dicionario, tería os seguintes significados fraseolóxicos: ‘1. Sobre unha persoa tímida, medorenta, modesta e obediente. 2. *Reprobación*. Sobre unha persoa que se comporta pasando desapercibida, humillada. 3. Sobre unha conducta moi tímida, medorenta, modesta de alguén. 4. *Reprobación*. Sobre unha conducta finxida, modesta e autohumillante de alguén (91-92).

Nalgunha que outra ocasión, non moi a miúdo, pódese oír-la variante alterada deste xiro *ниже воды, тише травы* ‘máis baixo cá auga, máis silencioso (-amente) cá herba’. ¿Cal das dúas variantes sería a máis apropiada, a máis xustificada e a máis correcta? O dicionario ofrece dúas versións etimolóxicas da procedencia deste xiro, que apoian, respectivamente, cada unha das variantes anteriores.

De acordo cunha desas hipóteses, o dito popular que consideramos inicialmente soaba como *ниже воды, тише травы* ‘máis baixo cá auga, máis silencioso (-amente) cá herba’, xa que na realidade non é tan difícil facerse máis silencioso cá auga e máis baixo cá herba, pero é case imposible facerse máis baixo cá auga e máis silencioso cá herba.

Segundo a outra hipótese, o dito máis habitual, *тише воды, ниже травы* ‘máis silencioso (-amente) cá auga, máis baixo cá herba’, é o orixinal. Isto xustifícase, por unha parte, mediante unha serie de fraseoloxismos existentes noutras linguas eslavas nos que a imaxe da auga silenciosa serve para transmitir-lo significado dunha persoa de carácter manso e, por outra parte, polo uso da imaxe da herba, que se observa na fala popular, onde a herba se presenta como algo que ten menor altura, por exemplo, na comparación *как травинка перед лесом* ‘como unha herbiña perante o bosque’.

Polo tanto, en caso de dúbida, ¿cal das dúas variantes habería que utilizar? O lector tería a posibilidade de comparar ámbalas dúas explicacións e chegar a unha conclusión, xa que vemos que os autores tampouco fan ningunha suxestión explícita ó respecto (o único indicio podería se-lo feito de que, na segunda das explicacións, figuran as referencias bibliográficas dalgunhas das obras de V. Mokienko), deixando esta tarefa, como xa mencionamos antes, para o futuro *Gran dicionario etimolóxico*.

Na fraseografía rusa existe un gran número de obras de carácter científico e divulgativo. Así e todo, estas non sempre se basean nas primeiras senón, a miúdo, en versións que se afastan da ciencia pero que resultan máis amenas e atraentes. De aí que o dicionario obxecto da presente recensión encha un baleiro importante na fraseografía da lingua rusa, pois pode considerarse como o primeiro banzo para axudar ó lector, nativo ou estranxeiro, a orientarse neste tipo de literatura fraseográfica científica.

BOSQUE MUÑOZ, Ignacio (dir.) (2004): *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo.* Madrid, Ediciones SM, 1.839 páxs.

O dicionario *Redes* resulta se-la punta do iceberg dun extenso traballo que se iniciou hai trinta anos na mente do seu director, o catedrático de lingua castelá e membro da Real Academia Española Ignacio Bosque Muñoz, ó remate xa da súa licenciatura, e dende entón foino presentando, na súa forma embrionaria, como dicionario de restricións léxicas en diferentes foros científicos. Hoxe fíxose realidade grazas ó esforzo colectivo de persoas e institucións, catro anos e medio despois de emprende-la tarefa un equipo de redactores da editorial SM e colaboradores da Universidad Complutense de Madrid. A obra que agora se nos presenta enche certamente un baleiro dentro da lexicografía e distínguese non só pola temática senón tamén polo sistema innovador de organización das entradas. Xa dende o título, entendemos que non se trata dun dicionario máis, que nos achega os significados das palabras estáticas; ó contrario, defínese como o lugar onde acha-las palabras en movemento, en contacto unhas con outras.

Na orixe deste inxente traballo está un material composto por 68 textos periodísticos españois e hispanoamericanos (arxentinos, venezolanos, mexicanos e uruguaios), publicados durante os últimos vinte anos en formato CD e páxinas electrónicas, dos que se extraeron preto de 250 millóns de voces. A meirande parte do corpus recolle os usos máis sistemáticos (que non rutineiros) da lingua, atopados en múltiples autores – reporteiros, cronistas, ensaístas, etc.–, sen excluír usos artísticos do idioma en escritores contemporáneos, sobre todo na década 1993-2003. A pesar das diferenzas ben coñecidas entre o castelán europeo e mailo americano, as combinacións retidas corresponden ó sistema máis amplo e actual do español moderno dentro do rexistro culto. O volume de voces que cobre esta obra pode resultar reducido comparado con outros dicionarios, pero a información que ofrece ten que ver cos principios teóricos e prácticos que a rexen. De feito, este traballo non se debe situar dentro da lingüística de corpus, senón da lingüística con corpus, por empregar un material lingüístico ó que se lle aplican consideracións teóricas e que serve de fonte de datos filtrados pola introspección do investigador, todo o cal determina o seu contido e o seu continente.

O nome, *Redes*, cómpre interpretalo literalmente, no sentido de conxunto de redes léxicas e conceptuais, por basearse toda a obra nas relacións semánticas das palabras. Aínda así, vai acompañado por outros dous títulos na cuberta. Por unha banda precédelle a denominación *Las palabras en su contexto* e, por outra, séguelle a categoría de

Diccionario combinatorio del español contemporáneo. Con estas tres formas de designalo queda ben claro o afán de chama-la atención do público sobre a novidade do produto ó intentar especificar en poucas palabras, e xa de entrada, o que o distingue do resto dos dicionarios. Esta mesma intencionalidade reflíctese na introdución que antecede ó dicionario, estendida ó longo de 174 páxinas, na que se nos presentan, en catro partes ben diferenciadas, ás veces de xeito redundante en beneficio dunha lectura non lineal, pero sobre todo para a defensa da estrutura lexicográfica elixida, os criterios seguidos para a confección da obra, as pautas de uso do dicionario e os conceptos nos que se sustenta a súa organización.

As ideas esenciais respecto á concepción teórica e práctica desta obra aparecen nas seccións primeira e cuarta da introdución, asinadas polo mesmo director do proxecto. Tanto na presentación, relatada nun ton próximo cheo de símiles e imaxes, como no texto final titulado “Combinatoria y significación. Algunas reflexiones”, -profundo e prolixo estudo no que o autor se anticipa a tódalas cuestións críticas que se lle poden formular a unha obra desta categoría-, tenta explicar, dun xeito dialogante, en qué se diferencia *Redes* do resto dos dicionarios. Sintetizando as dúas partes, diremos que *Redes* non é un dicionario de definicións, de sinónimos, de modismos, de frases feitas, de expresións idiomáticas ou de refráns. Tampouco é un dicionario de ideas afíns, ideolóxico, de lugares comúns verbais, de construción e réxime, de valencias ou de colocacións. O que si é é un dicionario combinatorio que se fundamenta nas relacións semánticas que existen entre as palabras, especificando as restricións que se imponen unhas ás outras e informando sobre os contextos nos que aparecen as voces e maila forma de combinárense. Aínda que se podía ampliar e conectar coa información que vén dada nos outros dicionarios de tipo combinatorio, este céntrase máis ben na análise da relación que existe entre os usos físicos e figurados das palabras.

A natureza das restricións é definida aquí á vez como propiamente lingüística e natural, o que vén dicir que as combinacións das palabras son presentadas por unha banda como sistemáticas, relacionadas co sistema da lingua, e por outra como obxectivas, recoñecidas como tales polos falantes e documentadas en textos. Trátase de voces que se relacionan entre elas mediante vínculos semánticos, chegando a converterse en construcións léxicas frecuentes, incluso redundantes, debido á presión do sistema lingüístico ou mesmo á rutina. As derivadas do sistema serán agrupacións necesarias, forzadas polo significado das mesmas palabras; as outras serán accidentais, é dicir, favorecidas polo costume. Sería doado reducilas todas a feitos de uso máis que de norma, pero o autor non considera que a frecuencia de uso das restricións léxicas resulte ser necesariamente o produto das preferencias rutineiras que un colectivo comparte dun xeito sorprendente, senón que os comportamentos dalgunhas delas seguen a estar suxeitos ó sistema. Por iso defende o autor que a construción da meirande parte destas combinacións responde a factores sistemáticos e non á soa inercia da repetición. Con todo, reconece que outras si son derivadas de preferencias de natureza moi diversa.

Aínda así, o uso das construcións léxicas mídese en termos de frecuencia e de naturalidade, isto é, en función do número de aparicións dunha expresión en textos ou de acordo con xuízos introspectivos, e segundo o coñecemento que o falante ten da súa lingua. A pesar de que a frecuencia non sexa un criterio empregado en *Redes* para a

inclusión dunha combinación de palabras, por ser un factor menos importante cá relación semántica restritiva das palabras entre elas, proporciona información deste tipo mediante marcas de frecuencia (++ , +, etc.). Así e todo, resulta imposible dar nin prever neste dicionario tódalas combinacións frecuentes da lingua e tampouco se pode dicir que as que non figuren non o sexan. Por este motivo insístease en lembrarnos que non se trata de ofrecer nesta obra unha visión normativa nin determinista senón descritiva da combinatoria léxica.

Postos a comparalo con outras teorías gramaticais e dicionarios xa en uso, atopamos, no caso das correntes lingüísticas, que a noción de restrición léxica que se emprega aquí non cadra coa de selección categorial tida en conta pola gramática de valencias, nin coa de restrición selectiva introducida pola gramática xenerativa. Consiste tan só na selección semántica que o predicado impón ós seus argumentos¹ e, neste sentido, *Redes* tenta delimita-las restricións significativas non a través do coñecemento extralingüístico senón da análise da lingua.

En contraste cos dicionarios, e primeiramente cos de uso xeral que proporcionan definicións, *Redes* non define as palabras. Aínda así, ofrece información de tipo intensional e extensional² sobre as voces que recolle: os trazos intensionais forman parte da natureza léxica do lema, mentres que os extensionais sonlle asignados polo falante nun proceso de implicación implícita. Deste xeito achegámonos ás propiedades léxicas das palabras a través da sintaxe e dos contextos nos que se usan. En definitiva, neste dicionario, que se define de entrada como dicionario de base semántica ou de restricións léxicas, a cuestión non é saber cantas acepcións ten determinada palabra senón en que contextos se usa no español contemporáneo.

Contrariamente ós dicionarios de usos restritivos, *Redes* non emprega o concepto de *contorno* dun xeito convencional, xa que, en contra da lexicografía tradicional que o usa para indicar argumentos externos ou internos ó predicado, aquí baséase nun uso estritamente gramatical. O caso do sentido físico e figurado das palabras ilustra ben a continuidade que existe entre a intensión e a extensión dos conceptos, sen levarnos a pensar qué factores externos as constitúen como voces distintas. Como nesta obra non se describen acepcións, senón usos, a separación entre os físicos e os figurados resulta moi feble; e isto, por outra banda, reforza a idea de que non existe correspondencia entre o número de voces e o número de significados, sobre todo dende o punto de vista do falante que os acaba integrando na súa cabeza. Así, o dicionario non é máis ca un instrumento para chegar a ese resultado, sen pretender explica-las causas dos procesos de metaforización que levaron ás palabras a combinarse con unhas e non con outras.

Aínda que *Redes* coincide cos dicionarios de colocacións en presentar información combinatoria, opta por unha concepción diferente dos mecanismos semánticos que a

¹ Na lingüística transformacional o concepto de *predicado* correspóndelle ó verbo e o de *argumento* ó sintagma nominal con función de suxeito ou de complemento do verbo.

² En lexicoloxía, un dicionario proporciona información *intensional* con respecto a unha palabra cando a definición dada describe as características dun concepto. Pola contra, a información é *extensional* cando se refire ó conxunto de seres ou obxectos ós que se lles aplican esas propiedades.

sustentan. Nos criterios de selección léxica das combinacións non prevalecen as nocións de frecuencia de coaparición e de fixación de unidades senón, máis ben, as relacións predicado-argumento e mailo concepto de clase léxica que as restrinxen. En todo caso, mentres que os dicionarios derivados da teoría sentido-texto son dicionarios de bases, que nos informan do que se pode facer con cada palabra, *Redes* sería de colocativos, especificando a natureza aspectual ou nocional das restricións que os predicados imponen ós seus argumentos.

Malia que *Redes* ofrece un gran número de informacións gramaticais en formato lexicográfico, non por iso deixa de ser un dicionario con ampla vocación descriptiva do léxico castelán. Certo é que recolle as frecuentes polémicas que a gramática coñece, tales como o problema da composicionalidade nas locucións, nas comparacións prototípicas ou nas unidades idiomáticas. Mesmo invita a revisar certos conceptos como o de redundancia, admisible na lingua literaria, pero tan estigmatizado na lingua común dende a perspectiva tradicional, solicitando que pase a ser considerado unha forma de concordancia de trazos léxicos propios dos predicados que *Redes* analiza, a integrarse na gramática de xeito natural. De feito, as combinacións de palabras non deixan de ser máis ou menos redundantes pola duplicación de información que se desprende da selección semántica dos seus compoñentes, o que converte a redundancia nunha forma de concordancia e, polo tanto, nun trazo distintivo da combinatoria léxica.

A estrutura do dicionario fundaméntase no tipo e na disposición das entradas. Estas clasifícanse en dúas categorías: as entradas analíticas ou longas e mailas entradas abreviadas ou curtas. As longas son as máis numerosas e importantes e constitúen o núcleo en volta do cal se constrúe *Redes*. Os seus lemas corresponden a predicados de individuo ou eventos (p. ex. *a bombo y platillo*), que seleccionan obxectivamente os seus argumentos, polo que se definen tamén como elementos seleccionadores. Nestas entradas aplícase o concepto de categorización múltiple ó propor para un predicado unha serie de grupos de argumentos cos que se pode combinar, ordenados en clases chamadas léxicas pero que son, en realidade, clases semánticas. As entradas curtas permiten recupera-la información pola vía dos argumentos, é dicir, os elementos seleccionados (p. ex. no lema *problema* atópanse as voces coas que se combina habitualmente, isto é: *afrontar, plantear, resolver*) ou ben polos conceptos. As entradas abreviadas representan, pois, os índices das informacións contidas nas entradas analíticas.

En calquera caso, a ordenación de todas elas é alfabética, aparecendo mesturadas, en lugar de separalas por tipos. O seu número total vén condicionado polas restricións que as acompañen, pero tamén por resultar difícil precisa-los límites existentes entre as restricións léxicas ou conceptuais ás que obedecen as propiedades discursivas. A desigual comprensión dos factores que determinan a combinatoria léxica e a cuestionable delimitación do número de clases léxicas das entradas poderían, sen dúbida, dar lugar a modificacións nunha futura edición desta obra, ou ben a melloras en investigacións ulteriores, como recoñece o seu director.

Con respecto á información proporcionada nas entradas analíticas, esta vénnos dada por dous tipos de paradigmas: un coa información intensional do lema, de base semántica, especificada nas clases léxicas do mesmo; e outro coa súa información extensional, de

base pragmática ou discursiva, ilustrada nas listas exemplificativas numeradas. A primeira é de natureza designativa, presente nos exemplos do paradigma proporcionados na entrada en relación coas definicións máis concretas do lema; a segunda é denotativa, ligada a voces máis abstractas que aparecen no resto da entrada, na lista de exemplos, sobre todo nos usos figurados. En ámbolos dous casos trátase de paradigmas propiamente lingüísticos, cos que se constrúe a combinatoria léxica, sen poder abstraerse de ningún deles.

As numerosas formas de acceder á información veñen facilitadas polo deseño das entradas. Dentro das entradas analíticas, diferentes tipos de letras axudan a orientar a consulta: a letra negriña para a entrada ou lema, a cursiva para a categoría gramatical, a letra redonda para a entrada, a versaleta para as clases léxicas clasificadas con letras maiúsculas e a redonda negriña para os conceptos ordenados dentro de cada clase con números e seguidos de marcas de frecuencia (++ = combinación sumamente frecuente; + = combinación bastante frecuente; - = combinación pouco frecuente; sen marca = combinación testemuñada polo falante nativo). Cada concepto vén ilustrado con exemplos, a maioría documentados, con citas extraídas do corpus periodístico e seguidas das súas fontes. Non obstante, algúns deles foron engadidos polos mesmos redactores, aínda que confirmados como naturais polos castelanfalantes consultados.

Pola súa banda, as entradas abreviadas son o resultado de inverte-las entradas analíticas, xa que a información ofrecida provén da proporcionada por aquelas, segundo o criterio de referencia cruzada ás voces. A palabra que serve de lema é seleccionada de entre as que compoñen tódalas expresións frecuentes que a conteñen, unhas veces presentes nos lemas das entradas analíticas, sinaladas con números cando é o caso, outras veces nas entradas, outras máis engadidas polo redactores. A diferenza entre as entradas curtas e as longas estriba no feito de que aquelas non proporcionan textos que ilustren o uso das voces. A organización interna destas entradas segue o criterio formal de agrupa-las combinacións por categorías gramaticais e o criterio semántico, cando o lema admite varias acepcións, de distinguilas cunha marca léxica en cursiva e entre parénteses.

Un segundo tipo de entradas abreviadas consiste nas voces que introducen conceptos, diferenciándose das anteriores polo uso da letra versaleta, fronte á letra redonda negriña usada nas primeiras. Neste caso as palabras que se refiren ó concepto da entrada van seguidas dunha letra en superíndice que as reenvía ás entradas analíticas das que proceden, en particular dunha clase léxica. Neste segundo tipo están incluídas as entradas de índice conceptual, presentadas coa letra versaleta cursiva, creadas para organiza-lo propio lemario. Nos dous casos as palabras que aluden ós conceptos están organizadas por categorías gramaticais. Un grupo de expresións, pertencente ó conxunto das entradas curtas, presenta un formato particular, o de series abreviadas, dando cabida tanto a conxuntos de palabras que se usan en contextos reducidos como a aqueles difíciles de explicar semántica ou pragmaticamente.

En tódolos tipos de entradas, tanto analíticas como abreviadas, cada voz remata coa posibilidade de reenvia-lo usuario a outros lemas para que poida compara-la información. Inclúese tamén, cando procede, información relativa ós usos estilísticos das palabras, coa finalidade de non impoñer unha fronteira entre a lingua chamada rutineira e

a lingua artística, pois os escritores tamén usan as combinacións léxicas da lingua que todos falamos.

De feito, a análise das expectativas dos posibles usuarios desta obra resulta esencial á hora de considerala súa importancia. Os principais destinatarios deste dicionario son tanto os falantes nativos como os estudantes estranxeiros e tamén os diferentes tipos de profesionais interesados no manexo da combinatoria léxica, cada cal con obxectivos ben distintos no momento de usalo. Se o falante nativo é considerado o referente do valor natural das combinacións léxicas, pola súa competencia na lingua para recoñecelas como tales e atopa-los contextos apropiados para cada unha delas, o estudante estranxeiro constitúe a proba definitiva da necesidade de achegarlle o xeito de aprender e comprende-los usos extensivos das palabras, xa que a súa preocupación non é acceder ó seu significado, senón ó xeito de empregalas, prevendo adecuadamente a combinación nas que van aparecer e mailos contextos nos que se van usar.

Definido, polo tanto, como un dicionario con función didáctica, a súa misión consiste sobre todo en facilita-lo coñecemento idiomático da lingua dende o enfoque da codificación, é dicir, dende o que non se pode deducir a priori cando se quere saber que palabras van con cales. Preocúpase de abordar dun modo pedagóxico, descritivo e informativo a forma que teñen as palabras de combinarse con naturalidade. Así, a fórmula que máis abunda nas entradas é *Se combina con...* coa intención de axudar a comprender que a expresión aparece nos textos combinada cos elementos sinalados, pero ademais co intento de conseguir que tanto o nativo como o estranxeiro a recoñeza como natural, o primeiro cando a atope no dicionario, o segundo cando a atope fóra del.

Ó fin, na procura de acharlle á súa obra un lugar non disputado por gramáticos, lexicógrafos e fraseólogos, o director da mesma non deixa de lembra-las reaccións de uns e outros fronte ó proxecto no seu inicio, cada un encontrándoo relativamente alleo ós seus intereses. É consciente de que agora, diante do produto acabado, este dicionario se podería definir en función da especialidade de cadaquén, como dicionario de contornos, de colocacións, de informacións clasemáticas, de restricións selectivas ou de lugares comúns verbais. No entanto, co respecto que lle merecen as posturas de tódolos especialistas e coa humildade que o caracteriza a el como investigador, presenta este traballo como unha ponte entre a gramática e o léxico, un espazo de concordia para todos, facendo realidade o prometido na presentación da obra: unha viaxe improvisada durante o tempo que un poida dedicar a segui-los fíos da madeixa.

M^a Isabel González Rey

Universidade de Santiago de Compostela

CASTRO OTERO, Salvador, DURÁN PAREDES, Lucía, GONZÁLEZ BARREIRO, Xosé Manuel, HARGUINDEY BANET, Henrique, MARTÍNEZ GARCÍA, Xosé e ROCAMONDE GÓMEZ, Ramón (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Xunta de Galicia, Museo Massó, s.l., 91 páxs.

RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2005): *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias*. Ir Indo, Vigo, 467 páxs. Pról. de Ramón Villares.

COUCEIRO, Xosé (2005): “Expresións populares da nosa comarca” en *Cotaredo. Revista Cultural e turística do Concello de Forcarei VIII*, 2005, 17-47.

Na fraseoloxía, igual que na actividade económica, hai un sector primario no que traballan persoas que case nunca figuran nas revistas científicas pero que cultivan, recollen e meten no celeiro as unidades fraseolóxicas coas que despois os científicos do sector secundario elaboran dicionarios ou requintadas elucubracións científicas. Cada unha destas achegas, en por ela, pode ser minúscula pero sen elas, sen ese traballo preciosista e case anónimo sería imposible construír grandes cörpora fraseolóxicos. Por esa razón quero dar noticia nas páxinas de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* de tres traballos que viron a luz neste ano 2005 e que, aínda sen seren estritamente fraseolóxicos e sendo moi diferentes na súa estrutura, ofrecen datos que son indispensables para a construción do corpus fraseolóxico galego. Exemplifican ben os tres tipos de material que adoita poñer en circulación o sector primario da fraseoloxía.

1. Aínda que o título do primeiro parece centrarse no léxico, dedica case a metade do seu espazo a anotar locucións, fórmulas e refráns que os autores consideran específicas do Morrazo, esa dinámica península entre a ría de Pontevedra e a de Vigo.

Na primeira parte léxica anotan palabras que comprobaron que non aparecen nas importantes bases lexicográficas galegas que hoxe hai na Rede. Na segunda, baixo o título de *Frases feitas* recollen locucións e fórmulas; e na terceira, máis breve, recollen 18 refráns. A todo isto haille que engadir outras 42 que aparecen na parte léxica clasificadas como locucións substantivas (*anguía do laño, boca de salabardalo, boi do inzo, caldo de tatáns, chica pataco, día de cabo, man do demo, man furada, mariquiña do crego, pai-fillo-nai, paxariño de deus, paxero mono, pé de lapou, peixe sen regla, rabo de rincha, rato da rambla, rato en couro, tempo do pozo, tombo dun piollo, vara da fasquía*), como adxectivas (*burro vello, de cana e media, morra a fame, remo torto*), como verbal (*andar ao chandique*), como adverbiais (*á carriola, á corsada, a montefeixe, a ñocos, a pache, á rastela, a remos, á riquiola, a todo filispín, ao curso, a xusto, aos boleóns, de calón, de clocló, de langueta*), como preposicionais (*ao freu de, apor de*), como conxuntiva (*adeguro que*) e mesmo catro expresións interxectivas (*¡Carapa!, ¡Mimadriña!, ¡Mimá!, A dicilo*³).

³ Esta precisaría un contexto que acalarse o seu uso.

Canto máis material fraseolóxico recollemos, máis teño a sensación de que queda por recoller e agoníame a certeza de que a xigantesca transformación dos galegos de sociedade rural ou mariñeira (pero artesanal e relixiosa) en sociedade urbana (pero industrial e laica) está desmotivando moito caudal fraseolóxico e por esa vía tende a retirarse da circulación oral. Poñerei un exemplo. Neste primeiro libro que comento recóllese a denominación *virgopotes* para designar unha “muller pouco disposta ou ineficaz” e tal cousa resultará arbitraria ou mesmo enigmática para cantos non teñan xa a experiencia de reza-lo rosario e coas ladaíñas en latín. As ladaíñas que se rezan co rosario, as chamadas 'ladaíñas lauretanás', compóñense dunha serie de epítetos eloxiosos ós que segue, como resposta popular, unha invocación da axuda divina. Primeiramente hai 9 invocacións a Deus e seguen 51 invocacións a María para que interceda por nós ante Deus. Un grupo delas trátana de virxe (*Virgo prudentissima* 'virxe prudentísima'; *Virgo veneranda* 'virxe merecedora de veneración'; *Virgo praedicanda* 'virxe merecedora de loa'; *Virgo potens* 'virxe poderosa'; *Virgo clemens* 'virxe clemente'; *Virgo fidelis* 'virxe fiel'); unha delas, a vixésima do total, é *Virgo potens*. É patente, polo tanto, a intención irónica do substantivo *virgopotes* para designar precisamente unha muller pouco disposta ou ineficaz. A motivación xustifica a ironía, a ironía xustifica o uso e o uso connotado mantén viva a locución.

Poñerei outro caso. Temos diferentes metáforas populares para describi-la causa dos tronos. Cando trona, dise que *hai voda no ceo, que andan amontoando as mesas da voda, que están arrombando as mesas (no ceo), que é Deus que está tirando coas mesas, que anda o outro cos zocos, que anda san Pedro cos zocos novos*. Ben, pois agora, por este libro, sabemos que no Morrazo tamén se di que *andán os carpinteiros a preparar as pipas*. E son claras creacións mariñeiras ¡*Chalanas no / ao mar!* (expresión que reflicte o feito de meter pan na pota para sopear), *ser coma a carioca que leva o rabo na boca* ('ser [un feito] repetitivo e sen fin'). Un cento destas xemas de creatividade popular xa amortizan unha publicación.

Pero a creatividade popular é fonte que nunca estiña. *Ter o Cross na cabeza* ('ser un iluso') explícanos os colectores dicindo que o Cross foi un navío que naufragou a primeiros do século XX e do que a xente [¿do Morrazo?] recolleu unha grande cantidade de mercadorías. En *facér a bandeira española* ('dar [a alguén] un golpe no nariz que llo faga sangrar') está clara a motivación: a bandeira española ten dúas bandas laterais vermellas, coma en quen sangra. *Acabouse a barca de ouro* [emprégase cando remata a boa racha, cando pasa a oportunidade de algo] e que seguramente alude á canción castelá *La barca de oro*, de Abundio Martínez que en Galicia chegou a ser frecuente en moitas sobremesas dos anos sesenta e que empezaba así: *Yo ya me voy*⁴.

Pero hai máis. Por moito que un colector repase un territorio procurando léxico ou fraseoloxía, sempre bate con cousas novas e darei tamén un exemplo. Levamos xa ben anos un veterinario e mais eu recollendo todo canto teña que ver co gando vacún,

⁴ *Yo ya me voy al puerto donde se halla / La Barca de Oro que debe conducirme / Yo ya me voy; solo vengo a despedirme, / Adiós, mujer, Adiós, para siempre Adiós / No volverán tus ojos a mirarme, / Ni tus oídos escucharán mi canto / Voy a aumentar los mares con mi llanto, / Adiós, mujer, Adiós, para siempre Adiós.*

arrecadamos unha importante cantidade de material, temos ben representados os concellos do Morrazo e nunca deramos coa locución *dar as claridades* ('parir [os animais]'). Velaí o mérito deste e outros libros semellantes.

É ben que os autores sigan traballando neste asunto e que preparen unha segunda edición que, sen necesidade de meter máis material, explique a motivación da fraseoloxía mesmo para os que non somos do Morrazo. E tamén aquí poñerei exemplos. Os que saben que Moaña estrema con Cangas, é dicir, que non hai espazo ningún entre eses dous concellos, comprenden que *ter algo entre Cangas e Moaña* signifique 'non ter nada (do que se fala)' pero, como iso non é transparente para tódolos galegos, a locución non pode chegar a ser de uso común en toda Galicia. O mesmo acontece con *facen barro con Cartagena* ('ser o mellor con diferenza, triunfar claramente'), porque non sabemos o que é *barroi*; ou con *andar a toque de beta* ('andar moi lixeiro, moi apurado'), xa que non sabemos se se refire á *beta* que define Carré ("aparejo de pesca. Se usaba generalmente golpeando las aguas para hacer huir a la sardina. La red se componía de tres a cinco piezas de 50 a 60 brazas cada una") ou á *beta* que define Rivas Quintas ("impedimento, traba debajo de la lengua, que impide a uno hablar bien y hace que sea zarabeto (Fondo de Vila). Beta significa lo mismo en Lomba (León). En Bueu, la frase: *Tes unha beta, tes unha cerilla...* significa: "Tienes un miedo que te cagas" (porque el que tiene miedo frecuentemente titubea al hablar: be, be... ta, ta... De ahí salieron voces imitativas como tateo, zarabeto, etc. Creo que también beta")⁵.

Eu poñería tamén atención ó feito de que, no Morrazo coma noutras partes, a creatividade popular desenvolve unha parcela pouco estudada da lingua galega (e das románicas en xeral), que é a aglutinación ou capacidade de crear substantivos compostos e os colectores ofrecen algúns casos coma *anicagatos* (persoa de débil carácter) *bechosencú* (vagalume), *bichicoma* ([persoa] que vive dos demais, parasita), *boafé* (home de pouco carácter, que se deixa dominar facilmente), *botafora* (festa celebrada ao rematar unha tarefa ou para despedirse de alguén), *cagamistos* (persoa medoñenta, covarde), *cichagrilos* (persoa que anda á captura de grilos), *comenarrias* (persoa á que lle caen os mocos), *comeúñas* (persoa avara), *currovello* (persoa que leva un disface de Entroido feito con farrapos ou roupa vella, mascalleiro; var. *curruvello*).

2. O segundo libro, do que é autor o médico Manuel Rodríguez Troncoso, tampouco é na súa intención directamente fraseolóxico. A lectura do mesmo lémbreme que Homero, ou quen fose o autor da *Iliada* e da *Odisea*, consciente de que o mundo heroico quedaba definitivamente substituído por outro con diferentes valores, crenzas e ideais, compuxo eses dous grandiosos poemas para fixar na memoria colectiva aquilo que desaparecía. Ben pois o Dr. Rodríguez Troncoso, dende a súa perspectiva de home próximo ós oitenta anos, realiza á súa maneira un intento homérico de rescatar do esquecemento un mundo que se nos vai con todo o seu caudal de ideais, de temores, de técnica e coa lingua que

⁵ Algunhas motivacións serían tamén boas no léxico. Supoño que a palabra *tavario* ('día despois dunha festa') debe proceder, sendo s.m., dun anterior *oitavario*, que son os oito días (oitava) que na liturxia católica seguen algunhas festas importantes e, se cadra, esta explicación faríaa máis transparente.

vehicula todo iso. Como di R. Villares no prólogo, é un esconxuro contra o esquecemento a que parece estar condenada a vida das aldeas. A aldea é Guntín, no concello da Cañiza, que el, coma os vellos, chama Caniza.

A estrutura do libro repasa a xeografía e maila historia local, a flora e fauna, a vida familiar e social, a economía, o comercio, as idades da vida, a saúde e as doenzas, as festas, a cultura, educación e crenzas, a lingua, a relixión. A súa descrición pon en cada caso as palabras precisas, os tecnicismos dese mundo e polo medio tamén a fraseoloxía. Para o que aquí interesa, anoto 704 entradas de colocacións, locucións, fórmulas ás que hai que sumar 21 refráns.

Como dixen, tampouco estamos neste caso ante un traballo estritamente fraseográfico pero estamos ante a definición ou simple contextualización de sete centos de unidades fraseolóxicas. Non é a súa unha escolma académica, nin se preocupa de marca-la categoría gramatical pero achega unha importante riqueza fraseolóxica ó caudal común. Coma noutras obras deste mesmo tipo, que en Galicia aparecen de Pascuas en Ramos, o foco de atención é a aldea, co seu entorno físico, humano e espiritual: en definitiva, é o home e a súa obra. Probablemente sen coñece-lo método *Palabras e cousas*, os seus autores practican algo moi semellante para que despois os especialistas poidan aproveitá-las informacións centrándose nun ou noutro sector da información. Traendo noticia deste libro a esta revista quero chama-la atención dos interesados na fraseoloxía por este tipo de obras imprescindibles. Aínda no caso de que non trouxeren unha locución nunca antes anotada por ninguén, teñen valor o mesmo: non son dos que pensan que unha unidade xa recollida nun lugar de Galicia non interese anotala tamén como viva noutro lugar, xa que unicamente eses datos nos permiten aproximarnos á extensión xeográfica do uso dunha determinada unidade.

O capítulo estritamente fraseolóxico deste segundo libro está nas páxinas 293-302 pero aí contéñense só unhas 200 entradas: a mor parte delas están inseridas na exposición ou nos textos orais dispersos polo libro adiante e é o contexto o que permite que o propio lector constrúa a definición. Así, nunha páxina collida ó chou, a 17, vexo tres unidades dentro do seu contexto: *un nadiña de + (subst)*⁶, *andar coa morte ó lombo*⁷, e a fórmula *¡Son cousas!*⁸. E, como é natural, neste libro, coma en moitos deste tipo, aparece unha importante cantidade de substantivos compostos, terminoloxía moi específica para as cousas do mundo rural.

Este tipo de fraseoloxía humanista está moi atenta ás crenzas que subxacen. Así na p. 294 defínese "*cómeo o demo*" como 'sofre moralmente' e dáse un exemplo (*enganouse e*

⁶ *Comíase pan de millo (a 'bica' feita con fariña de maízo soamente e un nadiña de sal, sen fermentar, e o 'pan' elaborado con fariña de millo e pouca de centeo, con fermento ou 'levadura'.*

⁷ *Lémbrome dos velliños máis vellos de Guntín [...] do tío Bautista (esposo da tía Ramona) cando xa andaba coa morte ó lombo, pois a súa palidez era impresionante observada por un neno pequeno.*

⁸ *Seguramente por iso, os da miña xeración, tivemos poucas caries dentais na nenez e na mocidade. ¡Son cousas...! Malia da falta de caramelos e xoguetes de tendas, os rapaces eramos fondamente felices. Posiblemente sexa implicación da fórmula ¡Sonche cousas do demo! que el mesmo usa noutro contexto na p. 291 (-¡Si, meu amigo, pódocho eu xurar se non o cres, Deus me perdoe! -¡Ai, mi madriña, sonche cousas do demo!).*

agora cómeo o demo) e na 166 úsase *te-la fada do demo*⁹. En calquera parte salta unha variante que só aí se detecta: *entre lume e fusco* ('entre fusco e lusco, á noiteña') que nos aproxima a variantes recollidas noutros lugares de Galicia como *entre lumes / entre lumes de día e noite / entre lumes e fumes* pero que é distinta delas. Son curiosas algunhas definicións que de repente nos fan reparar en algo que nunca pensamos, como *e tal e que sei eu* ('etc., etc.');

pois si (dise ás veces cando non hai ren que dicir, para encher un espazo baldeiro na conversa. Tamén se usa para expresar conformidade cunha idea); *¡morra o conto!* ('xa abonda falar diso, cambiemos de tema'); *non nos dá a camisa prá lavadela* ('son maiores as perdas cás ganancias').

Esta despreocupación polas formas fraseográficas convive neste libro cun galego vivo moi rico e auténtico, coma cando aparecen locucións convertidas en elementos doutras locucións: *non ser disque nin seica*¹⁰. Este libro vai no ronsel de *Terra de Melide* (do Seminario de Estudos Galegos, 1933) ou *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán: 1925-1935* (de Xosé Ramón e Fernández Oxea "Ben-Cho-Sey", 1968) ou, máis recentemente, *Terra das Frieiras* (de Rivas Quintas e Rodríguez Cruz, 2002), imprescindibles para un fraseólogo galego.

3. O terceiro traballo do que quero dar noticia é o de Xosé Couceiro, que ofrece uns 200 fraseoloxismos de Forcarei e tráioo aquí por ser un bo exemplo da diferenza entre a definición que dunha mesma frase ou locución darían un lexicógrafo e un paisano. O lexicógrafo, habitualmente urbano, preocúpase de ofrecer co menor número posible de palabras a exacta equivalencia entre definido e definición, de marcar ben o entorno e a categoría gramatical pero descooidando, por marxinal ou por descoñecela, a motivación do que se define. O paisano, en cambio, menos avaro das súas palabras, adoita empezar pola motivación, pola realidade da que naceu a frase e que lle serve de metáfora. Deste xeito, coñecida a motivación, o significado constrúese de seu e calquera está mesmo en condicións de adiviña-los posibles significados secundarios. O lexicógrafo é dono da abstracción; o paisano, da realidade. O primeiro é sintético; o segundo, analítico. Calquera que teña experiencia de preguntarlles ós labregos ou mariñeiros por unha frase sabe que moitas veces as definicións veñen tan enriquecidas de información que dunha resposta obtén varios fraseoloxismos novos. Xosé Couceiro é un destes paisanos de definicións un pouco anárquicas pero ricas.

Citarei só algúns exemplos que nos ofrecen os diferentes tipos de motivacións ou diferentes aspectos da realidade que dan vida ás expresións fraseolóxicas e que as explican, porque remiten a supersticións (*eu non nacín debaixo dun cesto*), a tarefas do mundo rural (*alzar cando vai vento*), á "vida social" (*coser ou moer para fóra*), que implican unha animalización e unha referencia ao gando (*levantárselle a crista* ou *matar*

⁹ *A min, se non fose porque nos amolan, touparía coa risa agora mesmo. -Eu touparíaos a eles, Deus me perdoe... -Estámosche aviados...Seica temos a fada do demo. Se nos multan 'non nos dá a camisa para a lavadela'.*

¹⁰ *Os 'penusitos' da vila denunciáronos ó Alcalde porque lles molestan os chíos que fan os carros de toxo ó pasaren. Din que os aboucan e lles 'perturban su bienestar habitual'. -¡Non digas! -Digo, digo. É verdade. Non penses que é 'disque nin seica' (166).*

a sapa) ou ben outras que calquera, rural ou urbano, pode comprender (*non pousar unha mosca*).

Eu non nacín debaixo dun cesto é como dicir eu aínda non son tan pouca cousa, non me fagas de menos, son tan capaz coma calquera. Dentro da tradición galega, o cesto ten o seu valor esotérico, ás veces de maneiras moi encontradas. Por ex.: a maneira de cambiarlle o sono a unha criatura era metela debaixo dun cesto, e facerlle pasar a unha ovella por riba del; mentres que se un rapaz pequeno san se agocha debaixo dun cesto pode arriquitarse, e non medrar de xeito, nin física nin mentalmente. Polo tanto, en sentido figurado, nace debaixo dun cesto o que non apoliña na vida como é debido, de aí a orixe da frase (37,94).

Alzar cando vai vento. Aínda que alzar é basicamente elevar entre os labregos, está tamén lexicalizado como limpa-lo gran despois da malla, para quitarlle o puvín. Hoxe faise con modernas máquinas axeitadas, antes, levantábanse cantidades pequenas de gran nun gabido ou nun cribo ó alto que desen os brazos, e deixábase caer pouco a pouco para que os rodopíos do vento levasen os lixos, quedando así arranxado para gardar nas arcas sin apodrentarse. Polo tanto, o vento é necesario para alzar. Entón, alzar cando hai vento é, nin máis nin menos que aproveita-las circunstancias axeitadas cando estas se presentan, para face-las cousas (de maneira sa, non con azoroño). Inserir aquí esta frase porque, malia a que pertence quizaves máis ó mundo da paremioloxía, pódese dicir que tén moitos azos de retrouso, e é unha das máis utilizadas polos nosos paisáns (30,64).

Coser (ou *moer*) *para fóra*. Costureiras, que noutrora andaban a coser e pranchar algo semellante ás fiandeiras e outros oficios polas casas, cobrando un xornal (xeralmente “a mantido”)*, criaron unha certa fama de alcaiotas e namorisqueiras, pois, ó andar dunha casa para outra, levaban e traían toda caste de conchabas amorosas. Semellante fama lles tocou ós muiñeiros de maquiá, que recibían a homes e mulleres, mozos e mozas, nos seus muiños. Quizá por eso ámbolos oficios acadaron o simbolismo co que os caracteriza esta frase. Co tempo, tal feitío de exercer foi desaparecendo, pois comezaron a construírse muiños de xorne particular de herdeiros, e mesmo privados. As mulleres, despois dunhas certas melloras agrarias, deron en arranxar cada unha a costura da súa casa, e as costureiras de oficio en traballar nas propias. Adoutados, como xa dixeran, como símbolos de carís pseudoerótico, estes mesteres devingueron en casañeiros. É por iso que se di que cando alguén cose ou moe para fóra, é que mantén relacións extramatrimoniais. O de coser adoita aplicárselles ás mullers, mentres que o de moer, ós homes (25,36).

Levantárselle a crista. [...]. O feito de que a xente nova comece a ter cousas de adulto, compárase aquí co polo de galiña, que cando se empeza a facer capón, arrexoa o pescozo, e pónselle a crista crecha e mais moi vermella, e vírse agresivo e atricado (26,39).

Mata-la sapa. Son as sapas uns sarabullos que lle saen ás vacas na boca, e dise que é por culpa de que se degoran por unha comida que están a ver e non poden acadar. Por iso, cando falamos de persoas, mata-la sapa vén ser mata-lo antollo; comer, beber ou mesmo facer algo que decote non é doado, por economía, saúde, etc. (46,155).

Non pousar unha mosca (*en alguén ou en algo*). Sabemos que é moi propio de moscas o de iren pousarse en cousa emporcada ou fedorenta. Se hai algo que non pousa unha

mosca é naquelo que está limpo, mesmo en demasía. Normalmente dise de maneira esaxerada por quen se limpa de xeito conxomineiro. Velaí o retrouso do dito (27,42).

Estamos, como se ve, ante unha maneira de definir tan pouco académica como rica e paisana. É mesmo así como responden ás nosas preguntas os aldeáns ou mariñeiros. Poucas cousas eu corruxiría. Se cadra, que parece relacionar *non ir no carro (de alguén) á misa* (38,100) co Rocío andaluz, cando esa locución está documentada xa de vello en Betanzos; ou cando omite que, cando falamos de *ter unha leira en Toledo*, estamos falando de que alguén está ou actúa coma un *toló* (39,120). O que si corruxiría (aínda que isto, se cadra, non é responsabilidade do autor) é a enorme cantidade de erratas: a corrección de erratas é esixible en calquera lingua e a ausencia dela afeá unha publicación realizada, para máis, en papel caro.

Os tres libros, cada un ó seu xeito, fannos ver que a recolleita de material fraseolóxico é un traballo indispensable e inacabable, porque queda moito galego por recoller, porque hai perigo visible de perda (radio e TV imponen hoxe na intimidade familiar códigos distintos dos que deron nacemento e vida á lingua galega), e porque o corpus dunha lingua viva está sempre fervendo. A recolleita fraseolóxica segue sendo necesaria e moito se andaría na identificación da mocidade coa lingua galega se tódolos profesores de galego desconxestionasen a preocupación pola abstracción gramatical e estimulasen máis a expresión e, para melloralas, centrasen a atención dos alumnos no tesouro de palabras e fraseoloxía que teñen na casa, mesmo provocando neles o uso en situación (¿que diría teu avó nesta situación?). Moito iamos gañar todos, se, despois, debidamente comentado e ordenado, publicasen ese material para proveito universal de xeito que os alumnos visen os seus nomes en letras de molde. Con iso cadran, ou parécemo a min, os autores destes libros e merecen parabén. Recollendo unidades fraseolóxicas imos descubrindo a orixinalidade e tamén a familia da nosa lingua. Todo pode axudar a valorar e amar este tesouro de comunicación que nos identifica. Beizón para os autores dos tres libros.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

IÑESTA MENA, Eva María e PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada Lingvistica, Granada, 288 páxs.

Dentro do labor investigador de Eva María Iñesta e Antonio Pamies, *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos* supón en boa medida o compendio dos

traballos anteriores publicados por estes dous autores relacionados co estudo da fraseoloxía dende a perspectiva da lingüística cognitiva. As investigacións aquí presentadas enmárcanse dentro do programa I+D *Estudio léxico-tipolóxico y descriptivo-comparativo de los mecanismos universales de lexicogénesis*.

A obra está estruturada fundamentalmente en tres partes: unha exposición teórico-especulativa, unha aplicación práctica e un apartado de conclusións.

O estudo teórico iníciase coa presentación da evolución histórica da fraseoloxía dende as primeiras recompilacións coñecidas da Idade Media ata os actuais traballos teóricos cos que esta vai adquirindo o carácter de disciplina científica.

Continúa no capítulo 2 cunha revisión das propiedades fraseolóxicas que, en opinión dos autores, resultan máis polémicas, como son a idiomaticidade, a fixación e a non composicionalidade, e a reinterpretación semántica ou metaforización. A principal achega deste capítulo é a multitude de análises e de perspectivas diferentes recompiladas (xenerativismo, léxico-gramática, semántica funcional, lingüística estratificacional...), procedentes algunhas delas de obras de difícil acceso (por exemplo, as publicacións en ruso de Teliya). Perante esta ampla panorámica, os autores observan a existencia dunha tendencia cada vez máis estendida: fronte aos enfoques baseados en combinacións de trazos concretos, parece ir gañando terreo a idea de que hai unha gradación entre os criterios definitorios da propia fraseoloxía, feito que permite resolver algunhas confusións entre os mesmos. Esta idea baséase na teoría de Mel'čuk, segundo a que as unidades fraseolóxicas se reparten sobre un continuo que vai dende as combinacións libres propiamente ditas cara aos frasemas (de menor a maior fixación), pasando por un terreo intermedio no que se encontrarían as colocacións.

No capítulo 3 presentan e analizan diferentes propostas semántico-cognitivas aplicábeis á fraseoloxía, entre as que desenvolven con afán crítico a proposta experiencialista de Lakoff e Johnson sobre a metáfora, e a teoría dos primitivos semánticos e universais léxicos de Anna Wierzbicka. Tamén presentan brevemente a teoría da lexicoxenia e analizan os conceptos de categorización, motivación e iconicidade. O capítulo conclúe cun resumo dos contidos, onde acentúan a importancia dos paradigmas teóricos expostos —fronte ao tradicional formalismo— para o estudo dos fraseoloxismos como unidades lingüísticas nas que se dan os anteditos elementos semántico-cognitivos.

O capítulo 4 ofrece o que, ao meu ver, constitúe unha das principais achegas deste estudo á fraseoloxía teórica: os autores elaboran e describen unha terminoloxía metalingüística que permite clasificar fraseoloxismos dende unha perspectiva cognitiva. O principio aplicado é o de que o significado se obtén, non mediante a suma de significados, senón mediante a aplicación de regras de combinación de significados. En relación con isto, o traballo susténtase na hipótese de que as linguas presentan sistematicidade no proceso de metaforización á hora de dar preferencia a un pequeno grupo de nocións fonte. Establécese así unha xerarquía de tres niveis: modelos icónicos, arquimetáforas e metáforas particulares. O funcionamento básico destes tres conceptos é o seguinte: un número determinado de dominios fonte combínase creando modelos icónicos, e estes á súa vez proxéctanse cara a dominios meta moi diversos, creando así

arquimetáforas das que se desprenden metáforas particulares. Os autores enlazan esta xerarquía cos primitivos semánticos e universais léxicos de Wierzbicka, presentando unha serie de dominios fonte que, combinados entre si, forman os descritores taxonómicos conforme os que clasificar os fraseoloxismos. Os dominios aplicados, e que segundo os autores aparecen con máis frecuencia relacionados entre si, son os seguintes: corpo, espazo, movemento, cor, temperatura, conflito, posesión, desexo e animal.

A parte práctica consiste na aplicación desta metalinguaxe á análise semántica de dúas mil unidades fraseolóxicas tomadas de vinte e cinco linguas pertencentes a grupos e familias lingüísticas diferentes, aínda que esencialmente indoeuropeas. Con este corpus analízanse nos capítulos 5 a 14 os dez dominios meta seguintes: medo, ira, inxustiza, comida, fame, delgadeza, gran distancia, rapidez, traballo e pobreza. A análise de cada un destes dominios estrutúrase da seguinte maneira: despois dunha pequena introdución, cada capítulo vaise dividindo nos modelos icónicos (combinacións de dominios fonte) e estes, á súa vez, nas arquimetáforas, momento no que se exemplifica coa inclusión dos fraseoloxismos das distintas linguas aos que subxace a arquimetáfora correspondente. Péchase cada capítulo cun cadro resumo. No estudo de cada dominio meta inclúen, no mesmo nivel cós modelos icónicos, un apartado sobre os modelos culturais. A referencia a este tipo de modelos aparece por primeira vez no capítulo 5, dedicado ao medo, e bótase en falta que o concepto de *modelo cultural* non reciba un tratamento máis extenso na parte teórica precedente. Así mesmo, queda insuficientemente integrado na taxonomía presentada, pois en cada un dos cadros resumo os autores sitúan os modelos culturais no mesmo nivel cós dominios fonte, e no nivel dos modelos icónicos introducen os tipos de modelos culturais que encontramos en cada caso (costumes, relixión, ideoloxía, etc.). A primeira vista parecería máis axeitado inverter a orde, de forma que estes últimos se situasen no nivel dos dominios fonte. É aquí onde abrolla a falla dunha aclaración máis extensa. Aínda que dentro de cada capítulo si se desenvolven algunhas arquimetáforas de fundamento cultural, en ningún caso as inclúen nos cadros resumo. Porén, como veremos máis adiante, no apartado de conclusións tratan o tema mais sen facer referencia explícita aos modelos culturais relacionados na parte práctica.

O volume péchase cun apartado de conclusións no que os autores destacan dous aspectos:

Por unha banda, analízanse a suposta dicotomía entre os conceptos —aplicados á fraseoloxía— de universalidade e de especificidade cultural-nacional (conforme defende a visión teórica relativista tradicional). Na aplicación práctica dos capítulos precedentes os autores observan a existencia dun elevado grao de sistematicidade interlingüística entre un gran número de fraseoloxismos, sistematicidade que confirma as críticas de Dobrovolskij á teoría relativista (por el chamada *teoría dura*). Tamén coinciden con el en aceptar a *teoría branda*, segundo a que só nos casos dos *realia* falariamos de verdadeira especificidade cultural. Propoñen finalmente que estes dous subsistemas (o de base cultural e o de base experimental —experiencia psicosensoorial e psicomotora—) existen de forma paralela e poden ser complementarios, resultando nalgúns casos imprecisa a barreira que os separa.

Por outra, cuestionan a unidireccionalidade das proxeccións metafóricas conforme defende tradicionalmente a semántica cognitiva, achegando para iso numerosos exemplos de bidireccionalidade en metáforas ontolóxicas, estruturais e orientacionais. Neste sentido consideran a posibilidade de que en realidade coexistan tipos diferentes de proxección, se ben non entran en detalle na cuestión por considerala un tema que requiriría un estudo específico.

Lamentablemente o volume inclúe un número elevado de erros ortotipográficos, que en ocasións poden afectar a lexibilidade (p. ex. *impide que que el, dados* no canto de *datos*, etc.). Igualmente sorprende a presenza de coloquialismos (*para colmo*) nun volume destas características orientado a un público especializado.

A utilidade da obra radica no traballo de síntese e posta ao día, así como no seu gran valor divulgativo, que se agradece e que sempre é necesario, especialmente ao tratar unha perspectiva teórica que cada vez encontra máis interese nos estudos de fraseoloxía.

Patricia Buján Otero

Membro do proxecto de investigación «Fraseoloxía contrastiva alemán-galego-castelán»
PGIDIT04PXIA20402PR

Universidade de Vigo

RODRÍGUEZ VIDA, Susana (2004): *Diccionario temático de frases hechas*. Editorial Columbus, Santiago de Compostela, 639 páxs.

1. Introducción¹¹

A chegada ó mercado do *Diccionario temático de frases hechas*, de Susana Rodríguez Vida, no ano 2004 (Editorial Columbus) supón a abertura dun novo camiño na fraseografía do castelán. Trátase do segundo dicionario temático da autora, que en 1997 xa publicara unha obra equivalente para o catalán (*Diccionari temàtic de modismes*. Edicions 62, Barcelona).

Tendo en conta a deficiente situación da fraseografía práctica no eido da lingua castelá (Morvay 2004: 185), calquera esforzo realizado nesta dirección é benvido, sobre todo tratándose dun dicionario onomasiolóxico, xénero pouco habitual no noso país, á marxe da xa clásica obra de Casares *Diccionario Ideológico de la Lengua Española. Desde la idea a la palabra; desde la palabra a la idea* (1942).

¹¹ Este traballo crítico encádrase na actividade investigadora do proxecto I+D da Xunta de Galicia PGIDT04XIA20402PR, que versa sobre fraseoloxía contrastiva.

Co importante despegue da lingüística cognitiva en Europa e os Estados Unidos, a clasificación de unidades léxicas consonte criterios conceptuais volveu cobrar especial relevancia nos últimos quince anos. Dende entón publicáronse grandes dicionarios temáticos nas distintas linguas europeas, tanto eslavas (para o ruso, p. ex. Birikh et al. 1997) como xermanas (para o alemán, p. ex. Schemann 1992) ou románicas (para o francés, p. ex. Bárdosi 1995²), e mesmo para o húngaro (Bárdosi 2004). Dentro da Península Ibérica destaca para o catalán a obra de María Teresa Espinal (2004) e para o galego o dicionario temático de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias (1995). Á maior parte das devanditas obras úneas o feito de presentaren listas de sinónimos fraseolóxicos e o obxectivo didáctico de serviren de ferramenta de axuda na aprendizaxe e perfeccionamento da lingua.

Para o castelán faltaba, ata a obra de Rodríguez Vida, un dicionario de similares características cuxas entradas estivesen ordenadas por pertenceren a un determinado campo semántico. Se ben a obra de Julia Sevilla e Jesús Cantera (2004), *Diccionario temático de locuciones francesas*, supón un adianto neste eido, para o castelán non se dan nesta obra fraseoloxismos equivalentes ós franceses, senón que estes só aparecen coas súas correspondencias (non fraseolóxicas) en castelán. Polo tanto, non o podemos considerar un dicionario temático dende o punto de vista da fraseografía da lingua castelá.

Os obxectivos que persegue a autora con esta publicación son de índole variada. O máis relevante é que este libro permite buscar unha frase feita sen coñecela de antemán, o cal resulta de grande axuda no proceso de creación textual e literaria. Por outra banda, tamén os tradutores forman un colectivo de potenciais usuarios, en especial cando desexen ofrecer unha correspondencia idiomática a un fraseoloxismo estranxeiro que en aparencia non conte con equivalente en castelán. Deste xeito, para expresa-lo concepto de *malhumorado* recóllense ata 56 frases ou para dicir *en abundancia* unhas 47. Isto permite a busca de fraseoloxismos sinónimos a partir dun coñecido. Esta concepción onomasiolóxica converte esta obra, como xa comentamos anteriormente, en pioneira deste xénero para o castelán.

Unha vez comentado o aspecto innovador da publicación que nos ocupa, pasemos xa a analiza-los criterios de selección do material recollido, así como a súa macro e microestrutura.

2. Criterios de selección das unidades recollidas

Na introdución empréganse os termos *frases hechas* e *locuciones*, sen mencionar nin sequera unha vez qué se entende por tales unidades. Dada a heteroxeneidade do material recollido no dicionario, coído que sería necesario especifica-los criterios de selección do material que inclúe, o cal vai dende refráns (*Quien no llora, no mama*), colocacións (*rendir tributo*), lugares comúns (*Se dice el pecado pero no el pecador*), fórmulas rutineiras (*¡A buen puerto fuiste por leña!*), sentenzas (*Ahora lo veredes, dijo Agrajes*) e ata locucións idiomáticas propiamente ditas (*poner los puntos sobre las íes, de boquilla, medias tintas*), pasando por frases de dubidoso carácter fraseolóxico como *hacerse de día, hacerse de noche* ou *corto de vista* que, ó meu xuízo, non deberían estar incluídas

neste dicionario específico de fraseoloxismos por seren combinacións libres de palabras. Tampouco deberían figurar lexemas simples ou compostos que non forman o mínimo estable de dúas palabras para poderen ser considerados como fraseoloxismos (por definición plurilexemáticos). Así, nas entradas *ser un carnicero*, *ser un meapilas*, tanto *carnicero* como *meapilas* son monolexemas que contan cun semema de carácter figurado pero sen traspasa-la fronteira da palabra; ademais, co verbo copulativo *ser* non forman estrutura fixa, xa que este pode elidirse no discurso e os lexemas aludidos poden cumprir-la función de atributo dun substantivo. Tampouco deberían figurar como fraseoloxismos aquelas cadeas plurilexemáticas que son denominacións puras de obxectos, sen ningún tipo de valor semántico translaticio, como ocorre con *arco de San Martín* como fórmula alternativa para denomina-lo *arco iris*. Outras veces sucede que as denominacións sinónimas dun obxecto si son figuradas mais monolexemáticas, polo que tampouco son fraseoloxismos. Este é o caso das entradas ofrecidas como sinónimas de moitas das partes do corpo, p. ex. baixo o arquilexema *lengua* recóllense: *la colorada*, *la húmeda*, *la maldita*, *la mui*.

Como vemos, o material recolleito enténdese nun sentido fraseolóxico moi amplo, pero sen chegarse a especifica-los criterios que rexeron a tarefa de busca e selección, como tampouco se aborda o que a autora entende por *frase hecha* (termo utilizado para o título da obra). De tódolos xeitos, como aspecto positivo neste apartado é preciso salienta que neste dicionario aparecen codificadas expresións idiomáticas que por distintos motivos non adoitan recollese lexicograficamente, como é o caso de *ponerse tonto* ou outras máis vulgares como *de cojones*. Así mesmo, esta ampla concepción da fraseoloxía ten como gran vantaxe o feito de que poidamos apreciar baixo un mesmo arquilexema conceptual distintos fraseoloxismos de moi diversa tipoloxía, o que nos permite descubrir imaxes que se repiten neles malia a súa forma dispar. Outra vantaxe de agrupar fraseoloxismos tan heteroxéneos é que se ofrece un abano máis amplo de sinónimos.

Canto ó volume das entradas, considero moi positivo a gran cifra de frases recollidas ata o de agora. Esta amplitude está determinada en gran medida polo feito de incluír entradas procedentes da maioría dos países suramericanos de fala hispana (marcadas mediante unha inicial). Lembremos que o outro gran dicionario publicado en 2004 sobre fraseoloxía, o *Diccionario fraseológico documentado del español actual* de Manuel Seco, Olimpia de Andrés e Gabino Ramos, case o iguala en número coas súas 16.000 entradas, aínda que estas só proceden do castelán de España.

As fontes das que se toman os fraseoloxismos son 15 dicionarios de España e Sudamérica, tanto de carácter xeral como particular (de idiomatismos).

3. A macroestrutura do dicionario. Criterios de lematización

A orde das entradas deste dicionario réxese por un criterio onomasiolóxico na primeira parte (“Diccionario temático”) e por un alfabético na segunda (“Lista alfabética de frases”). Para a ordenación temática recorreuse a 20 grandes grupos temáticos (ASPECTO FÍSICO HUMANO, CARÁCTER, CONDICIONES FÍSICAS, DINERO, EMOCIONES, ENFERMEDADES Y SENSACIONES FÍSICAS, GOLPES Y AGRESIONES FÍSICAS, HECHOS ABSTRACTOS, INFANCIA Y JUVENTUD, LUGARES Y ACCIDENTES GEOGRÁFICOS, MEDIDAS Y

POSICIONES, METEOROLOGÍA, MOVIMIENTOS DEL CUERPO, OLORES Y SABORES, PSICOLOGÍA, RELACIONES SOCIALES, SONIDOS Y RUIDOS, TIEMPO, TRABAJO Y OCUPACIONES e VISIÓN). Estes campos foron á súa vez subdivididos en sucesivos subtemas ou arquilexemas conceptuais (en negriña), ata chegar a uns 4.300 significados amplos, en cada un dos cales aparecen recollidos unha serie de fraseoloxismos de semántica sinónima ou semisinónima.

Nunha segunda parte do dicionario (“Lista alfabética de frases”) ofrécense tódalas locucións e frases feitas recollidas na primeira parte de maneira alfabética, cun sistema numérico de remisión á primeira parte do dicionario para ver a que campo semántico está subscrita. Unha terceira sección do dicionario recolle un “Índice de palabras clave de las frases”, con tódalas palabras importantes das frases e locucións e unha referencia para localizalas na “Lista alfabética de frases”. A continuación ofrécese un “Índice de palabras clave de los temas” que recolle tódalas palabras importantes dos temas e subtemas e unha referencia para localizalos no dicionario temático. Por último, un quinto apartado chamado “Índice de temas” ofrece, a modo de índice de contido do dicionario temático, un esquema dos temas e subtemas e unha referencia para localizar onde se desenvolven estes na parte onomasiolóxica. Como vemos, as cinco seccións do dicionario convérteno nunha obra completa e de fácil manexo, cun bo sistema de remisións a outros apartados.

A división en distintos apartados ten por finalidade ofrecer solucións ás necesidades que poden xurdir ó buscar un fraseoloxismo concreto. Se o que queremos é buscar unha frase que non se lembra con precisión, entón hai que recorrer como primeiro paso á terceira parte (“Índice de palabras clave de las frases”). Poñamos por exemplo que nos consta que para expresa-la idea de “olvidar pronto a un muerto” existe un refrán con “mortaja” pero non lembrámo-la forma exacta. No terceiro apartado aparece baixo “mortaja” unha serie de números que nos remiten ó segundo apartado (“Lista alfabética de frases”), onde se encontran os fraseoloxismos completos que conteñen ese lexema. Mirando as distintas posibilidades reconécese a unidade buscada (*Al vivo, la hogaza, y al muerto la mortaja*), tendo en conta que un número á marxe esquerda da entrada nos remite á súa vez ó “Diccionario temático”, no que se dá o significado aproximado, neste caso dentro do arquilexema “morir” (grupo temático ENFERMEDADES Y SENSACIONES FÍSICAS) aparece o subtema “olvidar pronto a un muerto”.

Outro obxectivo da división lematizadora en cinco seccións é satisfacer-la busca de fraseoloxismos para expresar un determinado concepto. Póñase por caso que se quere expresa-la idea de “ser bajo” por medio de diferentes idiomatismos. Para iso recórrese á parte do dicionario “Índice de temas” dentro do grupo temático ASPECTO FÍSICO HUMANO, e dentro deste ó subtema “altura”. Os criterios de sistematización empregados para os vinte grandes grupos temáticos aparecen explicitamente no índice do dicionario, o que axuda en caso de dúbida acerca do que se inclúe en cada un destes grandes grupos.

Para a busca de sinónimos recórrese á “Lista alfabética de frases”, na que se localiza a frase coñecida. Ante esta aparece unha referencia numérica que nos remite a un número de tema relacionado que hai que buscar no “Diccionario temático”. Baixo este lema aparece entón a lista de sinónimos desexada.

Dificultades observadas na lematización temática: os vinte grandes campos nos que se divide o diccionario temático, se ben recollen importantes dominios da realidade circundante, non están conectados entre si. A autora presenta os 20 campos de maneira illada, sen ningunha clase de relación interna entre eles, o que provoca unha certa impresión de desfiamento na estruturación do diccionario. Esta concepción lineal do vocabulario recórdano-las grandes clasificacións dos dicionarios ideolóxicos do século XIX, para o inglés P. M. Roget co *Thesaurus of English Words and Phrases* (1852/1882) e para o alemán os seus continuadores D. Sanders co seu *Deutscher Sprachschatz* (1873-77) e, algún tempo despois, F. Dornseiff co seu *Der Deutsche Wortschatz nach Sachgruppen* (1931). Para o castelán o máis relevante é o *Diccionario ideológico de la lengua española. Desde la idea a la palabra; desde la palabra a la idea* de J. Casares¹², quen xa en 1921 propugnara a idea dun diccionario ordenado por conceptos.

Dentro dos 20 campos non se fan subdivisións de acordo co tipo de referente das expresións, en especial [+hum] ou [-hum]. En concreto, no grupo temático de OLORES Y SABORES os subtemas poden ter como referente tanto o home como experimentador dun olor ou sabor ('comer mucho' → *ponerse como el Quico, comer como un mulo*) ou a mesma comida ou bebida ('cualidades de una comida': apetitosa → *estar de pecado*). Tampouco a inclusión de subtemas é sistemática, p. ex. neste mesmo grupo OLORES Y SABORES aparece como subtema "fumar mucho", que coído que non debería ter aquí o seu lugar, senón en ENFERMEDADES Y SENSACIONES.

É certo que a división da realidade en campos semánticos é abondo complicada (Morvay 2004: 176), revestindo un alto grao de subxectivismo de acordo co lexicógrafo que a leve a cabo. Por este motivo, recoméndase en obras deste tipo a inclusión dun bo aparato explicativo no prólogo, do que carece este diccionario. Tampouco se fai ningunha mención doutras divisións conceptuais que marcaron un punto culminante na lexicografía, ó igual cá xa mencionada do diccionario de Casares, ou outras de ámbito internacional, como a arriba citada de Dornseiff.

A división conceptual da realidade que leva a cabo Rodríguez Vida está baseada nun esquema dedutivo apriorístico que parte da idea de que no mundo existe unha orde independente da lingua e o pensamento (esquema: obxecto denotado → signo). Unha vez establecida a clasificación, asígnanselle-las unidades fraseolóxicas ós apartados. Este principio é común ós dicionarios onomasiolóxicos en xeral e distínguese radicalmente da concepción ideográfica que vai do concepto ó signo e ten unha base indutiva (Dobrovol'skij 1995: 71), é dicir, tomando como punto de partida a lingua e non o mundo exterior e as súas divisións. De acordo co principio ideográfico, o cal retoma moitas das ideas de Humboldt¹³, non existe unha división do mundo preestablecida en estamentos fixos, a cal a lingua reflectiría na súa estrutura, senón que é a lingua a que

¹² Á división conceptual deste diccionario obxectóuselle que está demasiado centrada na orde do mundo dende unha perspectiva do home cristián (Schemann 1992: XXXVI).

¹³ *Der Mensch lebt mit den Gegenständen hauptsächlich, ja, da Empfinden und Handeln in ihm von seinen Vorstellungen abhängen, sogar ausschließlich so, wie die Sprache sie ihm zuführt* (Humboldt 1830-1845: 434) (O home vive basicamente cos obxectos, pois a súa percepción e modo de actuar dependen das súas ideas, mesmo totalmente de como a lingua llas subministra).

conforma e modela ese mundo segundo nós o experimentamos. Isto aparte, a lingua non é unha proxección do mundo tal e como é senón tal e como o vemos, e isto depende en gran medida da cultura de cada comunidade lingüística. Parece razoable que pola propia idiosincrasia dos fraseoloxismos, cunha compoñente semántica fortemente subxectiva e antropocéntrica (Mellado 2004: 24-26), non lles podemos aplicar para a súa clasificación unha taxonomía externa elaborada a priori. Por esta razón, sería máis recomendable para a fraseografía unha división en campos semánticos que xire en volta do home, sexa dinámica¹⁴ e máis de carácter dedutivo, en conexión cos presupostos da lingüística cognitiva que impera nos nosos días.

4. Microestrutura

O aspecto innovador do dicionario baséase na macroestrutura, na ordenación temática dos fraseoloxismos. Canto á microestrutura, pouco hai que comentar, dado que non se dan definicións explícitas.

A. Forma do enunciado. A forma dos enunciados adoita ser bastante exacta, aínda que nos casos de actantes externos do tipo *alguien* estes se omiten a miúdo, como p. ex. *revolver el estómago*, que debería figurar correctamente como *revolverle a alg. el estómago*, con el actante dativo especificado. Por outra parte, no caso das variantes, o dicionario ofrece esta información entre parénteses, p. ex. *tomar (o: coger) el cielo con las manos*, pero entre parénteses aparecen tamén os sintagmas facultativos, p. ex. *Algo es algo (y menos es nada)*. Normalmente, para evitar confusións, as variantes van entre corchetes (Haensch et al. 1982: 488). Outra falla frecuente é ofrece-lo enunciado dalgúns fraseoloxismos como exemplos usualizados, dando ocupada a casa baleira pronominal por medio dun pronome fixo, como ocorre con *venir a verlo Dios*, que debería aparecer como *venir a ver a alg. Dios*.

B. Marcas connotativas. De tódalas marcas connotativas posibles: estilística, xeográfica, cronolóxica, intención do falante, o dicionario só ofrece marca relativa á procedencia do país suramericano e mailo trazo vulgar (con asterisco *).

C. Definición. Non aparece explícita a continuación de cada expresión. O significado debe deducirse dos arquilexemas e definicións en sentido amplo que encabezan as expresións.

D. Exemplos. Posto que non se dan exemplos contextualizados dos fraseoloxismos, o dicionario non está moi indicado para usuarios aprendices da lingua castelá, senón para nativos que coñecen de antemán as frases dadas. Este trazo, e mailo feito de que non aparezan definicións explícitas das frases, fai que este dicionario sexa sobre todo axeitado para a busca de expresións sinónimas a partir dun concepto de saída, e non tanto para comprende-la súa semántica cando aparecen nun determinado contexto.

¹⁴ A este respecto, Schemann (1992: XXXVI) resolve no seu dicionario fraseolóxico de sinónimos completalas taxonomías clásicas da división conceptual do mundo con conceptos “dinámicos”, como “postura perante”, “posicionamento sobre”, “influencia”, “preferencias”, “poder sobre outros”, tendo en conta que moitos dos fraseoloxismos son verbais. En resumo, trataríase dunha nova concepción temática que ten o home como referente central.

E. Explicación etimolóxica. Non se inclúe neste dicionario.

Por último, este dicionario ofrécese no mercado xunto a unha versión en CD-ROM. Considerando as novas necesidades tecnolóxicas, este soporte informático fai esta obra altamente recomendable como obra de apoio de tradutores e escritores. Nun apéndice que está ó final do libro danse tódalas instrucións de uso do disquete, dende busca-lo significado dunha frase ou frases sinónimas doutra, ata buscar un tema para encontra-las expresións asociadas. Estas explicacións son claras, así como as da instalación no ordenador, que conclúe coa obtención dunha clave de usuario específica por parte da editorial.

Carmen Mellado Blanco¹⁵

Universidade de Santiago de Compostela

5. Bibliografía

- BÁRDOSI, V. (1995²): *De fil en aiguille. Les locutions françaises: recueil thématique et livre d'exercices*. Eötvös Loránd Tudományegyetem, Budapest.
- (2004): *Magyar szólástár. Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára* [Diccionario definitorio e conceptual de expresións idiomáticas, fórmulas rutineiras e refráns]. Könyvkiadó, Budapest.
- BIRIKH, A., MOKIENKO, V. e STEPÁNOVA, L. (1997): *Slovar' frazeologúcheskikh sinónimov rússkogo iazika* [Diccionario de sinónimos fraseolóxicos da lingua rusa]. Feniks, Rostov-na-Donú.
- CASARES, J. (1942/1992⁶): *Diccionario Ideológico de la Lengua Española. Desde la idea a la palabra; desde la palabra a la idea*. Gustavo Gili, Barcelona.
- CORPAS PASTOR, G. (1997): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- DOBROVOL'SKIJ, D. (1995): *Kognitive Aspekte der Idiomsemantik*. Narr, Tübingen.
- DORNSEIFF, F. (1933/2004⁸): *Der deutsche Wortschatz nach Sachgruppen*. De Gruyter, Berlin.
- ESPINAL i FARRÉ, M. T. (2004): *Diccionari de Sinónims de Frases Fetes*. Universitat de València, València.
- MELLADO BLANCO, C. (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Un estudio léxico-semántico*. Peter Lang, Frankfurt/Berlin.
- MORVAY, K. (2004): "Por unha metafraseografía peninsular" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004,169-189.
- SCHEMANN, H. (1992): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*. Klett, Stuttgart.

¹⁵ Tradución de Cristina Veiga Novoa.

SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Aguilar, Madrid, 1.084 páxs.

Cinco anos despois de que saíse ó prelo o merecidamente loado *Diccionario del español actual* (DEA), o equipo formado por Manuel Seco e Olimpia Andrés, neste caso coa colaboración de Carlos Domínguez en lugar de Gabino Ramos, vén de publicar a finais de 2004 o *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Como reza na portada, a base da documentación volve se-la do DEA, do que aproveita todo o material fraseolóxico alí reunido. Por este motivo figura tamén como autor G. Ramos, aínda que non participou directamente na elaboración da obra.

O DFDEA consta dunha parte introdutoria (XI-XXIX) á que segue propiamente o dicionario. No primeiro apartado desta presentación (“Sobre este dicionario”, XI-XVI) xustifícase a adxectivación que acompaña o título: *fraseológico, documentado, del español actual*.

-*Fraseológico*: Despois de dedicar unhas liñas á distinción entre *locucións, modismos* e outros termos menos precisos, no prólogo especificase que unidades fraseolóxicas son as recollidas:

1. Locucións en sentido estrito, definidas como agrupacións máis ou menos fixas de palabras cunha función gramatical (nominal, pronominal, adxectiva, verbal, adverbial, prepositiva, conxuntiva ou interxectiva). A fixación non impide que as locucións presenten variantes formais e semánticas, que o dicionario recolle con precisión (*servir* (o *valer*) *lo mismo* (o *igual*) *para un roto que para un descosido*).
2. Locucións en sentido amplo. Con este nome refírense ás unidades denominadas normalmente *colocacións*, das que soamente rexistran as de alta frecuencia e acusada fixación (*prestar atención*).
3. Fórmulas oracionais, cadeas fixadas que en lugar de funcionar como palabras, que é o caso das locucións, actúan como oracións, do tipo de *No hay más cera que la que arde*, *Cuéntaselo a tu abuela* ou *Y lo que te rondaré, morena*.
4. Fórmulas expletivas propias da lingua falada (*Y todo eso, Ni narices*).

En cambio, non se inclúen locucións doutros idiomas (salvo que estean adaptadas ou sexan creacións do castelán formadas sobre material estranxeiro (*a la rúe, demasié para el body*), refráns nin o que chaman combinacións que son denominacións normais das realidades (o que noutras terminoloxías adoita denominarse *sinapsia* ou *sintema*, como *pez espada, agua de colonia, sombrero de copa, oso hormiguero*, etc.), salvo que acadasen un uso metafórico (p. ex. *todo terreno* ‘[persona o cosa] válida para cualquier situación’, *carga de profundidad* ‘ataque lanzado subrepticamente contra alguien o algo, con intención de causar un daño grave’). Tampouco se recollen locucións propias de ámbitos limitados (tecnicismos, deportes, botánica, etc.) a non ser que estean incorporadas ó léxico común (*hacer agua, fuera de juego, fuera de combate, pasarse de rosca*).

-Documentado. Unha das características máis salientables do DEA, diccionario de nova planta, é a de que, como o *Diccionario de Autoridades*, parte dos textos, da documentación real do uso escrito. Hoxe a existencia de córpora electrónicos facilita extraordinariamente este labor de documentación. Pero no caso que nos ocupa, a base de datos, como é sabido, foi elaborada mediante as tradicionais papeletas nun traballo hercúleo iniciado no ano 1970. Ese material foi actualizado ata o ano 2004 mediante a confección dun corpus informático elaborado *ad hoc* para este diccionario e a utilización ocasional dos córpora dispoñibles en Internet. Da exhaustividade deste corpus podemos dar fe: neste mesmo número dos *Cadernos* comprobamos que para a frase feita *a hecho* o DFDEA ofrece a correspondente cita, a mesma cantidade que se topa nos 175 millóns de formas que incorpora o CREA académico. Son as dúas únicas documentacións posteriores a 1974. Un apéndice final permite interpreta-las abreviaturas empregadas no corpo do diccionario para identifica-los textos citados (autores, obras, publicacións periódicas e electrónicas).

-Del español actual: Como di o refrán, o que moito abarca... Por este motivo o DFDEA reduce as súas fontes ó castelán falado en España. O método laborioso de comprobación de fontes directas impide que un equipo tan limitado se poida ocupar da lingua falada en Hispanoamérica. Con todo, os autores consideran que no nivel medio e, sobre todo no culto, as diverxencias lingüísticas son porcentualmente escasas.

En consonancia co seu carácter sincrónico, non histórico, os textos que conforman a base documental da obra foron publicados entre os anos 1955 e 2004. Isto permite describi-lo castelán actual, non só no que se refire ás unidades seleccionadas senón tamén ás definicións e explicacións que as acompañan.

Deste xeito, locucións de recente creación teñen cabida na obra. O mundo tradicional está dando paso ó das novas tecnoloxías. Estas innovacións van conformando novas unidades fraseolóxicas e así encontramos no DFDEC locucións do tipo de *cambiar el chip*, *ponerse las pilas* ou *cargar pilas*, que alternan coas antigas fórmulas vinculadas ó mundo do mar ou rural (*a todo trapo*, *harina de otro costal*, *ver las orejas al lobo*, *a ojo de buen cubero*, etc.).

O diccionario propiamente dito está precedido dunha “Guía de consulta” (1-104), listaxe a tres columnas na que figuran tódalas locucións que se recollen na obra, ordenadas alfabeticamente. Nesta listaxe cada locución leva unha palabra resaltada en negriña, a palabra clave que nos permitirá localizar esa expresión na entrada correspondente do diccionario.

A utilidade deste apartado é grande porque non sempre é doado ir directamente á palabra clave (así as seguintes locucións: *mandar a freír espárragos*, *mandar a hacer puñetas*, *mandar a la porra*, *mandar a paseo*, *mandar a tomar viento* e outras similares aparecen baixo a entrada correspondente ó verbo MANDAR, en tanto que *mandar a criar malvas*, *mandar a hacer leches*, *mandar a la calle*, *mandar al otro barrio* e outras deben ser buscadas na entrada do substantivo correspondente).

Esta “guía” ofrece outra utilidade importante: a ordenación alfabética permite agrupar expresións que doutro xeito aparecerían dispersas baixo entradas diferentes. Así, por

exemplo, podemos ver xuntas en seis columnas de sesenta expresións cada unha tódalas comparacións estereotipadas formadas con *más*: *más malo que el veneno / el sebo, la quina, la sarna / la tiña / un dolor / un pecado / un veneno; más negro que el azabache / el carbón / el hollín / la pez, etc.*).

O número de unidades fraseolóxicas recollido na listaxe aproxímase ás dezaseis mil, o que converte a este dicionario no máis amplo da lexicografía hispánica. Este dato cobra aínda maior relevancia se se ten en conta que, como se indicou máis arriba, só figuran as expresións vivas na lingua actual.

Na estrutura lexicográfica de cada artigo é onde mellor se comproba o profundo saber e experiencia dos autores nesta difícil arte da elaboración de dicionarios. Como antes dixemos, as locucións ordénanse arredor dunha palabra clave (negriña maiúscula) debaixo da que se sitúan por orde alfabética tódalas expresións (en negriña minúscula). Cada locución vai acompañada das súas variantes, acepcións e subacepcións, e dunha moi rica información: categoría funcional, nivel de uso (coloquial, popular, rural, vulgar, xerga, infantil, xuvenil, semiculto, literario), ámbito específico (administrativo, técnico, deportes, medicina, milicia, mariña...), frecuencia (*frecuente, raro, hoy raro*), extensión xeográfica e outras peculiaridades da construción. Un “Glosario de términos lingüísticos utilizados” explica o significado exacto de todos estes termos.

As definicións son precisas e intentan logra-lo desexo de todo bo lexicógrafo: que estean redactadas de tal forma que poidan substituír dentro do seu contexto a locución definida. Só en casos contados, cando non é posible este tipo de definición, se recorre á definición explicativa. Ex.: *como un energúmeno (o hecho un energúmeno). Constr. de sent. comparativo usada para ponderar la cólera o violencia de alguien.*

Evidentemente, toda obra humana é mellorable. Traballar nun campo caracterizado pola constante e imparabile creación lingüística fai que resulte imposible incorporar tódalas unidades que van xurdindo a cada momento. Por outra parte, moitas desas unidades son máis propias da lingua oral ca da escrita, polo que non sempre é doado atopar documentación na prensa ou na literatura. O que segue debe ser considerado, por tanto, só a título anecdótico. Entre as expresións formadas por deformación dun estranxeirismo non figura *estar/ pillar en orsay (off-side)* (o CREA recolle seis casos todos posteriores a 1995) nin entre os tecnicismos adoptados na lingua común *ganar/ perder enteros*. Igualmente, entre as formacións propias da lingua xuvenil non se inclúen *¡Qué pasada!* (catro casos no CREA entre 1992 e 1998) ou *¡Eso es una pasada!* (13 casos entre 1985 e 2001), a pesar de que a entrada PASADA si aparece na obra, analizada con bastante detalle. Entre as locucións que cremos mal definidas está HACER EL AVIÓN ‘fastidiar o hacer una mala pasada’ que se exemplifica coa seguinte cita de J. Martínez Reverte: – *Acaba de llamar Cabezas, el director de la revista esa a la que has llevado el artículo. Ha dicho que te digamos que el trabajo es excesivamente peligroso, que no lo va a meter en este número... –Empecé a jurar en voz alta. El muy cerdo me había hecho el avión.* A consulta con xente máis nova móstranos a unha persoa que abre os brazos e se pon a correr dando curvas para, en sentido figurado, ‘evitar, esquivar, dar unha desculpa’, que parece o significado do texto.

Evidentemente, estas mínimas observacións non quitan mérito en absoluto a unha obra senlleira na lexicografía hispánica.

Luis González García
Universidade da Coruña